

PROPOSTA DIDÁCTICA

ESO

LINGUA E LITERATURA

2

Agustín Fernández Paz
Xosé Manuel Moo Pedrosa
Ramón Nicolás Rodríguez
Emiliano Orizales Orizales
Anaír Rodríguez Rodríguez
Noa Orizales Iglesias

XERAIS



Lingua e literatura 2º ESO. Proposta didáctica

© Agustín Fernández Paz, Emiliano Orizales Orizales, Xosé Manuel Moo Pedrosa, Ramón Nicolás Rodríguez, Anaír Rodríguez Rodríguez, Noa Orizales Iglesias, 2008

© Edicións Xerais de Galicia, S. A. 2008

Dr. Marañón, 12 - 36211 VIGO

xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9782-864-2

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Índice

Introdución.....	5
Obxectivos didácticos da etapa.....	7
Competencias básicas da etapa.....	9
Obxectivos didácticos de 2º de ESO.....	11
Contidos de 2º de ESO.....	13
Criterios de avaliación de 2º de ESO.....	17
Estrutura de Lingua e Literatura 2º de ESO.....	19
Programación por unidades.....	23

Introdución

A área de Lingua galega e literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e está orientada cara aos seguintes aspectos:

- Aprendizaxe instrumental do idioma.
- Capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas (ámbito escolar, social, cultural e profesional) mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
- Comprensión da realidade lingüística de Galicia, adoptando unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

A ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e de representación, así como a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica.

Os bloques de comunicación oral e escrita céntranse sobre todo no traballo lingüístico das relacións interpersoais e sociais e nas habilidades comunicativas precisas en todas as áreas curriculares, así como no emprego activo dos medios de comunicación e das tecnoloxías da sociedade da información.

Canto ao bloque de funcionamento da lingua, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso, e as propiedades textuais son un dos piares básicos. A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia este carácter progresivo na aprendizaxe (que ten sido descrito coa metáfora da espiral), na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

No bloque de lingua e sociedade incídese na lingua como transmisora de significados culturais. O alumnado debe comprender e valorar a realidade plurilingüe en que nos movemos, superando os prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas e encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

A literatura debe ser abordada dende diferentes perspectivas, de xeito que contribúa á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos. A incorporación

ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E nesa aprendizaxe multifuncional da lingua ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos, e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Na práctica da aula é preciso integrar procedementos, conceptos e actitudes, ademais de traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir de forma comprensiva).

A aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, os compañeiros/as e os profesores/as doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado. Esta aprendizaxe non formal presentará resultados moi diferentes en función das características sociolingüísticas do estudantado. Fai-se necesario, polo tanto, partir da análise da realidade de cada centro, de maneira que estas variables se teñan en conta para atender á diversidade e se deseñen aprendizaxes válidas para todos e cada un dos alumnos e alumnas. En calquera caso, recoméndase poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación que o centro poña a disposición da comunidade educativa, e mais fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

En relación coa aprendizaxe non formal da lingua, cabe sinalar tamén que cumprirá traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interaccións entre iguais de maneira organizada. O traballo por proxectos que impliquen varias disciplinas é, neste sentido, de grande utilidade. Fundamentalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro: faise preciso buscar a complementariedade das programacións e evitar repeticións innecesarias dos aspectos máis teóricos, o uso de terminoloxías diverxentes para referirse aos mesmos fenómenos, causa de enorme confusión, etc. Sobre todo, hai que buscar a maneira de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o estudantado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

Todas as materias do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos da materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

Obxectivos didácticos da etapa

- a. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- b. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- c. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- d. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- e. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- f. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- g. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- h. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- i. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- l. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- m. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- n. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

Competencias básicas da etapa

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.
- Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala como unha riqueza cultural.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Intervención en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da linguaxe como ferramenta para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

Obxectivos didácticos de 2º de ESO

- a. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- b. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- c. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- e. Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- g. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- h. Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- l. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

- m. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- n. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

Contidos de 2º de ESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

Comprensión de textos

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.

- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Produción de textos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a defixe espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e máis audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e máis audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.

- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Criterios de avaliación de 2º de ESO

- a. Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguindo as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- b. Extrae a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- c. Realiza exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, e participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribe –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planifica e revisa os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- e. Consulta de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- g. Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñece e usa unha terminoloxía lingüística básica.
- h. Observa os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízaa con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Recoñece e comprende a diversidade lingüística do mundo actual.
- l. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

- m. Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- n. Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

Estrutura de Lingua e literatura 2º de ESO

O libro de traballo para alumnos e alumnas deste 2º nivel da ESO presenta unha estrutura cunha forte interrelación entre todos os contidos esixidos polo Currículo. Confeccionouse un conxunto de unidades didácticas nas cales, a través dun variado abano de actividades, se van traballando en forma de espiral os distintos contidos, tratando de equilibrar a globalidade e o tratamento específico.

O libro componse dun total de doce unidades, cunha proposta de secuencia de 4 unidades por trimestre. Cada unha destas doce unidades de que consta o libro conta con sete apartados. A cada un destes apartados correspóndelle sempre unha dobre páxina (agás algún caso especial, que conta con dúas dobres páxinas, dado que a extensión ou a consistencia do tema así o requiría). Os apartados de que se compón o libro son os seguintes:

1. **TEXTO DE LECTURA** (Textos de diferentes tipoloxías)
2. **TRABALLO CO TEXTO** (Comentario do texto)
3. **FORMAS DE COMUNICACIÓN** (Técnicas de expresión oral e escrita a partir de textos)
4. **OS NOMES DAS COUSAS** (Traballo co léxico)
5. **A LINGUA POR DENTRO** (Morfosintaxe)
6. **LINGUA E SOCIEDADE** (Reflexións de sociolingüística)
7. **ESCRIBIMOS BEN** (Ortografía, propiedades textuais e técnicas da escrita)

1. TEXTO DE LECTURA

Cada unha das unidades do libro ábrese cun texto de lectura, sempre acompañado dunha ilustración.

Os textos son, na súa totalidade, de autores e autoras galegos, agás unha lenda de tradición oral («A doniña cervá»). Asemade, para darlle cabida a outras linguaxes, incluímos, na derradeira unidade do libro, un cómic de Miguelanxo Prado («Quotidianía delirante»).

Na selección destes textos de lectura, feita a partir dunha ampla escolma previa, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Que estivesen relacionados cos contidos traballados en cada unidade.
- Que fosen moi atractivos, con calidade literaria, e invitasen a achegarse ao libro de que proceden.
- Que servisen como punto de partida para a realización de múltiples actividades.
- Que permitisen amosar as distintas tipoloxías textuais: narracións, poemas, teatro...

A maioría destes textos correspóndense con libros englobados dentro do que se coñece como literatura xuvenil, aínda que tamén os hai correspondentes á literatura que hoxe identificamos como para adultos.

Dende unha perspectiva coeducativa coidamos que houbera un equilibrio entre lecturas con protagonistas femininos e protagonistas masculinos.

No referido ás ilustracións que acompañan as lecturas, quixemos aproveitar a oportunidade que se nos brinda para ofrecerlles aos rapaces e rapazas de Galicia unha variada mostra do alto nivel que está a acadar a ilustración na nosa terra. Para iso, seleccionamos ao ilustrador Javi Montes (<http://javi-montess.googlepages.com/>), quen se encargou das portadas que acompañan a cada texto de lectura, de xeito que se conseguise tamén unha unidade estética para todos os textos. O libro, noutros apartados, conta tamén cos traballos gráficos de Santy Gutiérrez (<http://www.santygutierrez.com>) e Marcos González.

2. TRABALLO CO TEXTO

A dobre páxina que presentamos con este título está ocupada por un conxunto de actividades arredor do texto da lectura. É dicir, vén sendo unha proposta de comentario do texto. Pártese da lectura inicial para propoñer distintos contidos procedementais divididos nas seguintes partes:

- Comprendemos: comprensión textual oral e escrita.
- Expresámonos: expresión oral e produción de textos escritos.
- Reflexionamos: distintos exercicios sobre ortografía, léxico, morfosintaxe, fraseoloxía...

A tipoloxía desas actividades é moi variada e aí pódense atopar ademais actividades relacionadas cos centros de interese que haxa na lectura ou actividades sobre algún aspecto formal desta.

Co obxectivo de que o alumnado se achegue ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para ampliar coñecementos, nos casos en que é pertinente faise referencia a unha ou varias páxinas web sobre o autor ou autora ou sobre algún aspecto traballado na dobre páxina.

3. FORMAS DE COMUNICACIÓN

Agrúpanse neste apartado todos os contidos e as propostas referidas ao estudo e á práctica da tipoloxía textual. Mentres que na dobre páxina anterior as actividades viñan dadas en función das posibilidades da lectura, neste apartado os contidos de cada unidade están programados de antemán, de maneira que seguen unha secuencia definida.

Este apartado, como é natural, trabállase tomando como punto de partida un amplo e variado abano de textos, que serven de exemplo para os contidos cognitivos que se queren transmitir.

Como é un apartado moi orientado á aprendizaxe de procedementos, atopamos nel moitas actividades que invitan aos rapaces e rapazas a realizar os seus propios textos, de acordo coas pautas que se lles dan.

4. OS NOMES DAS COUSAS

O estudo e ampliación do léxico ocupa un lugar importante en cada unha das unidades deste libro. Seleccionouse un campo léxico para cada unidade, e foi abordado con enfoques moi diversos, a través de moitas ilustracións (realizadas por Santy Gutiérrez e Marcos González) e cunha variada gama de actividades, que buscan a ampliación do léxico activo dos alumnos e alumnas.

A dobre páxina complétase cun conxunto de contidos, cognitivos e de procedemento, referido ao léxico e aos procedementos para a súa formación e ampliación. Á hora de seleccionar o léxico, préstouse especial atención á introdución de léxico non sexista. Así, hai unidades onde o vocabulario está especialmente enfocado a rachar cos roles sexistas e discriminatorios.

5. A LINGUA POR DENTRO

A reflexión metalingüística ocupa un lugar importante na etapa da ESO, sempre que se aborde desde unha perspectiva instrumental. De aí que se reserve unha dobre páxina de cada unidade.

Nesta dobre páxina, dun xeito secuenciado, abórdanse os contidos seleccionados para cada nivel, sempre desde un enfoque eminentemente práctico. A ampla e variada oferta de actividades, así como os numerosos textos que serven de exemplo, poden ser útiles para que o alumnado aprenda satisfactoriamente uns contidos que tradicionalmente se consideraron áridos.

Os contidos conceptuais máis importantes aparecen claramente destacados, mediante filetes ou mediante cadros de cores que permiten que o alumnado poida discriminar con facilidade cal é a información principal e cal a secundaria.

Esta dobre páxina, dalgún xeito, complétase co apéndice gramatical que acompaña a este libro. Unha separata que contén, resumidos, os principais cadros dos paradigmas gramaticais, así como as normas que regulan o uso da lingua. Cremos que esta separata pode ser de moita utilidade porque, deste xeito, o alumnado sempre terá a man uns contidos que, sen ter que aprendelos de memoria, é preciso consultar en numerosas ocasións.

Ao final desta dobre páxina inclúese un breve resumo («En poucas palabras») dos contidos traballados no apartado correspondente.

6. LINGUA E SOCIEDADE

Esta dobre páxina de cada unidade resérvase para o tratamento e estudo de contidos de carácter esencialmente sociolingüístico. Estes contidos están presentes ao longo de todas as páxinas do libro, en actividades, en textos, pero aquí teñen un tratamento singular.

Esta dobre páxina constitúe un espazo para a reflexión e para a análise dos distintos factores que condicionan o uso e o desenvolvemento da lingua galega, reparando naquelas actitudes que resultan máis perniciosas para o crecemento da nosa lingua.

7. ESCRIBIMOS BEN

Esta dobre páxina céntrase na norma ortográfica e no tratamento das propiedades textuais.

Xa sabemos que a corrección ortográfica non vén garantida por coñecer ou non determinadas normas, pero tamén é certo que o estudo e reflexión sobre estas contribúe a que se dea unha escrita sen erros ortográficos. Para esta primeira área resérvase a primeira páxina deste apartado.

A segunda páxina dedícase a contidos de gramática textual (propiedades do texto, mecanismos de cohesión textual e técnicas da escrita).

Este apartado complementábase co apéndice que se atopa ao final do libro, e onde os alumnos e alumnas poderán atopar solución para as dúbidas máis frecuentes relacionadas cos problemas ortográficos. No anexo inclúense dende listaxes de palabras que se escriben con determinados grafemas, ata unha explicación das palabras que levan til diacrítico.

Programación por unidades

Neste apartado iranse detallando, unidade por unidade, os obxectivos didácticos, as competencias básicas, os contido e os criterios de avaliación.

Unidade 1

1. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	1. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario. • Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura. • Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo). • Recoñecer a prolepse e a analepse como posibilidades na ordenación temporal dunha narración. • Recoñecer as diferenzas entre a linguaxe verbal e a non verbal. • Identificar os distintos elementos que interveñen nun acto de comunicación. • Comprender as diferenzas entre as dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os oficios e as profesións). • Recoñecer os elementos que forman as palabras. • Diferenciar os morfemas flexivos dos derivativos (prefixos e sufixos). • Coñecer as diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX. • Identificar os elementos nucleares que conforman a lingua galega e identificación de aqueles que se foron achegando co paso do tempo. • Empregar con corrección as regras de acentuación ortográfica. • Compoñer textos narrativos tendo en conta a adecuación textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ampliación do vocabulario e uso da orde alfabética das palabras por medio da busca de determinadas palabras no dicionario. • Reflexión crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura. • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo). • Identificación de prolepses e analepses en textos narrativos. • Recoñecemento dos trazos que identifican a linguaxe verbal e a non verbal. • Interpretación e recoñecemento dos elementos que interveñen en diferentes actos de comunicación. • Identificación das dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado. • Ampliación do léxico propio do campo temático tratado (os oficios e as profesións). • Identificación dos distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras. • Coñecemento das diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX. • Recoñecemento dos elementos nucleares que conforman a lingua galega e identificación daqueles que se foron achegando ao noso idioma co paso do tempo. • Coñecemento das regras de acentuación ortográfica e uso correcto destas normas diferenciando entre palabras agudas, graves e esdrúxulas. • Composición dun texto tendo en conta a adecuación textual.

1. C) CONTIDOS	1. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Recursos literarios: a prolepse e a analepse. • O prefixo <i>micro-</i>. • Sistemas de comunicación verbal e non verbal. • Os elementos presentes na comunicación: emisor/emisora, receptor/receptora, mensaxe, canle, código, contexto. • O signo lingüístico. • Campo semántico: os oficios e profesións. • Os sufixos de oficio, profesión, emprego... • As palabras e os elementos que as forman: lexemas e morfemas. • Historia da lingua galega. • A formación da lingua: o substrato e o superestrato, palabras novas e vellas. • Regras de acentuación ortográfica: palabras agudas, graves e esdrúxulas. • A adecuación textual: intención, tema, destinatario e soporte ou canle. 	<ul style="list-style-type: none"> • Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario. • Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura. • Le textos de forma comprensiva (texto narrativo). • Recoñece a prolepse e a analepse como posibilidades na ordenación temporal dunha narración. • Recoñece as diferenzas entre a linguaxe verbal e a non verbal. • Identifica os distintos elementos que interveñen nun acto de comunicación. • Comprende as diferenzas entre as dúas partes dun signo lingüístico: significante e significado. • Recoñece os nomes dos oficios e as profesións tratados na unidade. • Identifica os distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras. • Coñece as diferentes etapas históricas polas que pasou o galego dende o seu nacemento ata o século XX. • Identifica os elementos nucleares que conforman a lingua galega e identifica aqueles que se foron achegando co paso do tempo. • Emprega con corrección as regras de acentuación ortográfica. • Compón textos narrativos tendo en conta a adecuación textual.

Unidade 2

2. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	2. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Traballar a comprensión e a análise textual. • Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Empregar as diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen. • Producir textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e facéndoo con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza. • Respetar as normas propias da comunicación oral: respecto das quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o transporte e as viaxes). • Identificar palabras compostas diferenciando as partes que as forman. • Recoñecer as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica. • Comprender o xénero do substantivo e as regras de formación do feminino. • Comprender o número do substantivo e as regras de formación do plural. • Coñecer e respectar a existencia das diferentes variedades dialectais e sociais da lingua. • Coñecer cando e por que se debe empregar o til diacrítico. • Recoñecer as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo). • Identificación das ideas principais dun texto e comprensión do que le. • Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario. • Uso das diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen. • Elaboración de textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e facéndoo con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza. • Respecto polas quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra. • Ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (o transporte e as viaxes). • Identificación de palabras compostas e diferenciación das partes que as forman. • Identificación e clasificación de substantivos dependendo do significado, do xénero e do número. • Coñecemento e respecto pola existencia de diferentes variedades dialectais e sociais da lingua. • Identificación e uso correcto das palabras que levan til diacrítico nos textos de elaboración propia. • Identificación dos principais mecanismos de cohesión textual.

2. C) CONTIDOS	2. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Os textos orais. Situacións de comunicación oral planificada: singulares (exposición, conferencia) e colectivas (debate). • Campo semántico: o transporte e as viaxes. • As palabras compostas. • O substantivo. • Clasificación semántica do substantivo. • O xénero: substantivos variables e invariables. A formación do feminino. • O número: a formación do plural. • A extensión territorial do galego e as súas variedades dialectais. A lingua estándar. • O til diacrítico. • Procedementos de cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballa a comprensión e analiza correctamente textos narrativos. • Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética. • Emprega as diferentes formas de comunicación oral, espontáneas e planificadas, de acordo coas técnicas de cada unha delas e tendo en conta as normas que as rexen. • Produce textos orais planificados (exposición, debate, entrevistas...) atendendo á dicción, entoación, propiedade léxica e corrección gramatical, e faino con claridade, coherencia e adecuación ao contexto en que se produza. • Respecta as normas propias da comunicación oral: respecta as quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra. • Recoñece o vocabulario relacionado co campo semántico do transporte e as viaxes. • Identifica palabras compostas e distingue as partes que as forman. • Recoñece as diferentes clases de substantivos segundo a súa clasificación semántica. • Comprende o xénero do substantivo e as regras de formación do feminino. • Comprende o número do substantivo e as regras de formación do plural. • Coñece e respecta a existencia das diferentes variedades dialectais e sociais da lingua. • Emprega correctamente o til diacrítico nas súas producións. • Recoñece as relacións que se establecen entre os distintos elementos dun texto para lograr a cohesión textual.

Unidade 3

3. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	3. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Ler textos de forma comprensiva. • Identificar as ideas principais dun texto e elaborar resumos. • Recoñecer e empregar no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras. • Reflexionar de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura. • Identificar os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos. • Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para se valer dos recursos lingüísticos dispoñibles: enciclopedias e dicionarios electrónicos. • Recoñecer o vocabulario relacionado coa festa do magosto. • Traballar a formación de palabras mediante os prefixos <i>con-</i>, <i>co-</i>. • Identificar os tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo). • Recoñecer os principais puntos de información sobre a lingua galega na rede. • Reflexionar sobre o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación no idioma galego. • Utilizar correctamente o punto, a coma e o punto e coma. • Recoñecer e empregar con corrección a <i>deixe</i> como mecanismo de cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo). • Elaboración de textos instrutivos de produción propia. • Recoñecemento das características dos textos instrutivos. • Utilización das TIC para traballar contidos lingüísticos, así como para complementar a información tratada na unidade. • Ampliación do vocabulario e precisión no uso do léxico referido ao magosto. • Formación de palabras empregando os prefixos <i>con-</i> e <i>co-</i>. • Recoñecemento e identificación dos tipos de adxectivos: explicativos e especificativos. • Identificación e formación dos distintos graos que presenta o adxectivo (positivo, comparativo e superlativo). • Coñecemento do emprego que se fai da lingua galega en Internet e identificación dos principais puntos de información sobre o galego na rede. • Lectura de textos con especial atención ao uso correcto da puntuación ortográfica (o punto, a coma e o punto e coma). • Localización e recoñecemento da <i>deixe</i> como mecanismo de cohesión textual.

3. C) CONTIDOS	3. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • O uso de <i>-ble</i> e <i>-bel</i>. • Os textos instrutivos: principais características. • Os dicionarios e as enciclopedias. • Vocabulario relacionado co magosto. • Os prefixos <i>con-</i> e <i>co-</i>. • O adxectivo. • O adxectivos explicativos (ou epítetos) e adxectivos especificativos. • Os distintos graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo. • O galego na rede: achegas da rede de redes. • O uso do punto, a coma e o punto e coma. • Procedementos de cohesión textual: a déixe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo. • Identifica as ideas principais dun texto e elabora resumos. • Recoñece e emprega no seu contexto adecuado a fraseoloxía e os usos figurados de determinadas palabras. • Identifica os textos instrutivos e as características que os diferencian doutro tipo de textos. • Emprega as TIC para traballar contidos lingüísticos, así como para complementar a información tratada na unidade. • Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa o dicionario e a orde alfabética das palabras. • Forma correctamente palabras empregando os prefixos <i>con-</i> e <i>co-</i>. • Identifica os diferentes tipos de adxectivos: explicativos e especificativos, así como os distintos graos en que se poden presentar (positivo, comparativo e superlativo). • Coñece o emprego que se fai da lingua galega en Internet e identifica os principais puntos de información sobre o galego na rede. • Utiliza correctamente o punto, a coma e o punto e coma. • Recoñece e emprega con corrección a déixe como mecanismo de cohesión textual.

Unidade 4

4. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	4. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Traballar a comprensión e análise textual. • Utilizar con corrección os sufixos <i>-ento / -enta</i>. • Recoñecer a influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor. • Realizar resumos e esquemas de textos, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema. • Identificar as distintas partes que compoñen unha noticia. • Traballar en equipo e extraer información das crónicas xornalísticas coa finalidade de realizar unha crónica escrita de produción propia. • Adquirir unha maior amplitude do léxico propio do campo semántico tratado (a feira). • Manexar o dicionario para buscar palabras homónimas. • Identificar as formas do verbo e a diferenza entre verbos regulares e irregulares. • Identificar as partes básicas do verbo: tema e morfemas. • Identificar o tempo e o modo nas distintas formas verbais e empregar con corrección estas variables. • Coñecer a normativa que regula na actualidade a utilización da lingua galega. • Recoñecer os topónimos e antropónimos de Galicia e reflexionar sobre o negativo proceso de castelanización a que foron sometidos moitos deles. • Utilizar con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos. • Recoñecer e usar con corrección a substitución como mecanismo de cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura, comprensión e análise de contos populares. • Utilización dos sufixos <i>-ento / -enta</i>. • Recoñecemento da influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor. • Sensibilización sobre a importancia da conservación do patrimonio de tradición oral. • Realización de resumos e esquemas de textos, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema. • Identificación das distintas partes que compoñen unha noticia. • Observación crítica das diferentes opinións vertidas nas crónicas xornalísticas. • Participación activa na extracción de información dentro dun grupo de traballo e manifestación asertiva das propias ideas. • Adquisición dunha maior amplitude do léxico propio do campo semántico tratado (a feira). • Identificación das formas do verbo así como das súas partes básicas e diferenciación entre verbos regulares e irregulares. • Identificación do tempo e o modo a que pertencen as formas verbais. • Recoñecemento das principais normativas que rexen o uso da lingua galega. • Análise dos topónimos e antropónimos e identificación dos problemas sociolingüísticos derivados do uso que deles realizan as administracións públicas e as persoas. • Corrección de textos con erros de puntuación relativos ao emprego dos dous puntos e dos puntos suspensivos. • Recoñecemento e emprego da substitución como mecanismo de cohesión textual.

4. C) CONTIDOS	4. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • O sufixo <i>-ento / -enta</i>. • O conto literario e a influencia do conto popular. • Diferenzas entre a noticia e a crónica como xéneros xornalísticos. • Campo semántico: imos á feira. • As palabras homónimas. • O verbo: diferenza entre verbos regulares e irregulares. • Alternancia vocálica e conxugacións. • O tempo verbal e o modo verbal. • O marco legal da lingua galega. • Toponimia e antroponimia. • Usos dos dous puntos e dos puntos suspensivos. • Procedementos de cohesión textual: substitución. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos narrativos de forma comprensiva. • Utiliza con corrección os sufixos <i>-ento / -enta</i>. • Recoñece a influencia que a literatura popular de transmisión oral exerceu sobre a literatura escrita de autor. • Realiza resumos e esquemas de texto, diferenciando as súas ideas principais e o seu tema. • Identifica as distintas partes que compoñen unha noticia. • Realiza unha lectura comprensiva e crítica dos textos xornalísticos, diferenciando as noticias das crónicas. • Participa de forma activa na extracción de información dentro dun grupo de traballo e manifesta de modo asertivo as súas propias ideas. • Amplía o vocabulario relacionado coa feira. • Emprega o dicionario para a identificación de palabras homónimas. • Identifica as formas do verbo e distingue entre verbos regulares e irregulares. • Identifica as partes básicas do verbo: tema e morfemas. • Identifica o tempo e o modo a que pertencen as formas verbais. • Recoñece as principais normativas que rexen o uso da lingua galega. • Identifica os problemas sociolingüísticos derivados do uso que dos topónimos e antropónimos fan as administracións públicas e as persoas. • Utiliza con corrección os dous puntos e os puntos suspensivos. • Emprega a substitución como mecanismo de cohesión textual.

Unidade 5

5. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	5. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Manexar o dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas. • Comprender e analizar os distintos aspectos dun texto. • Utilizar correctamente o sufixo <i>-axe</i> nas propias producións escritas. • Diferenciar e elaborar distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.). • Utilizar correctamente a terminoloxía relacionada co campo semántico dos parentescos. • Comprender o concepto de polisemia e diferenciar os distintos significados dunha palabra polisémica. • Recoñecer os distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor. • Recoñecer os préstamos e interferencias que se producen na lingua galega. • Usar correctamente a paréntese e as comiñas nas propias producións. • Compoñer un texto comunicativo facendo uso de elipses para darlle cohesión. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexo do dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas. • Comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo). • Utilización do sufixo <i>-axe</i>. • Diferenciación e elaboración de distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.). • Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico tratado: o parentesco. • Comprensión do concepto de polisemia e diferenciación dos distintos significados dunha palabra polisémica. • Recoñecemento dos distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor. • Recoñecemento dos préstamos e interferencias que se producen na lingua galega. • Uso correcto da paréntese e as comiñas nas propias producións. • Uso correcto dos procedementos lingüísticos de cohesión textual.

5. C) CONTIDOS	5. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Recursos literarios: o relato fantástico. • O sufixo <i>-axe</i>. • Escritos comunicativos: as cartas persoais, os correos electrónicos, os diarios, os blogs, os sms, as tarxetas postais... • Campo semántico: o parentesco. • A polisemia. • A oración e os tipos de oracións segundo a actitude do emisor: enunciativas, interrogativas, exclamativas, dubitativas, desiderativas, exhortativas. • As interferencias lingüísticas. Tipos de interferencias. • Signos de puntuación: a paréntese e as comiñas. • A elipse como procedemento de cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexa o dicionario á hora de contextualizar o vocabulario que aparece nas lecturas. • Comprende e analiza os distintos aspectos dun texto. • Utiliza correctamente o sufixo <i>-axe</i> nas propias producións escritas. • Elabora distintos tipos de escritos comunicativos (cartas, mensaxes, postais, correos electrónicos, etc.) e recoñece as diferenzas entre eles. • Utiliza correctamente a terminoloxía relacionada co campo semántico dos parentescos. • Comprende o concepto de polisemia e distingue os distintos significados dunha palabra polisémica. • Recoñece os distintos tipos de oracións, atendendo á actitude do emisor. • Recoñece os préstamos e interferencias que se producen na lingua galega. • Usa correctamente a paréntese e as comiñas nas propias producións. • Utiliza correctamente a elipse como procedemento para cohesionar as súas producións escritas.

Unidade 6

6. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	6. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Traballar a comprensión e análise textual. • Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Apreciar as lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva. • Coñecer e utilizar as normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos. • Organizar as ideas previas e elaborar esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a paisaxe do mar). • Traballar a formación de substantivos a partir de adxectivos engadindo o sufixo <i>-dade</i>. • Distinguir entre frases simples e compostas e recoñecer os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo. • Identificar as distintas funcións que pode desempeñar un modificador no interior dunha frase. • Identificar e valorar a existencia de distintas linguas en Europa. • Respeitar aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente. • Comprender a importancia de preservar o patrimonio lingüístico como unha forma de expresión cultural máis. • Coñecer a normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas. • Usar correctamente conectores textuais para dar cohesión a un texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo). • Valoración das lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva. • Composición de textos de creación propia tratando un tema determinado. • Coñecemento e utilización das normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos. • Organización das ideas previas e elaboración de esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito. • Ampliación do léxico propio do campo semántico do mar e a súa paisaxe. • Formación correcta de adxectivos engadindo o sufixo <i>-dade</i>. • Identificación da frase como unidade gramatical, así como das funcións sintácticas que pode desenvolver na estrutura da oración. • Valoración da pluralidade lingüística como un valor a preservar. • Respeito por aquelas persoas que utilicen unha lingua diferente. • Coñecemento da normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas. • Utilización dos conectores textuais como elementos para dotar de cohesión un texto.

6. C) CONTIDOS	6. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Recursos literarios: as lendas. • A construción dun texto. • Campo semántico: a paisaxe do mar. • O sufixo <i>-dade</i>. • As frases: simples e complexas. Tipos de frases: substantiva, adxectiva, adverbial, nominal e preposicional. • O modificador. • A pluralidade lingüística e as linguas minorizadas. • Maiúsculas e minúsculas: casos de uso. • Os conectores textuais: aditivos, temporais e espaciais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza unha lectura comprensiva e crítica dos textos de lectura. • Manexa o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Aprecia as lendas como parte do patrimonio literario propio e como expresión lingüística da identidade colectiva. • Coñece e utiliza as normas e pasos básicos necesarios para a construción de textos expositivos. • Organiza as ideas previas e elabora esquemas e borradores antes de iniciar a produción dun texto escrito. • Amplía o léxico relacionado co mar e a súa paisaxe. • Emprega con propiedade o sufixo <i>-dade</i> na formación de substantivos. • Distingue entre frases simples e compostas e reconece os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo. • Identifica as distintas funcións que pode desempeñar un modificador no interior dunha frase. • Identifica e valora a existencia de distintas linguas en Europa. • Respecta a aquelas persoas que utilizan unha lingua diferente. • Comprende a importancia de preservar o patrimonio lingüístico como unha forma de expresión cultural máis. • Coñece a normativa que rexe o uso de maiúsculas e minúsculas. • Integra os conectores textuais nas súas producións.

Unidade 7

7. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	7. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Redactar axeitadamente textos literarios onde se expresen as ideas propias de xeito lóxico, coherente e ordenado. • Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Elaborar textos amosando interese por aplicar as normas de presentación correspondentes aos documentos editados cun procesador de textos. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (no instituto). • Identificar os antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade. • Distinguir entre oracións simples e compostas e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas por subordinación. • Distinguir entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e recoñecer os distintos tipos de cada unha. • Valorar o galego como lingua propia de Galicia. • Facer uso do galego comprendendo as circunstancias que condicionan o seu uso social. • Empregar con corrección os grupos consonánticos <i>bl / br</i> e distinguir as condicións de uso de <i>b</i> e <i>v</i>. • Recoñecer e utilizar con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Redacción e estruturación axeitada dos materiais antes de iniciar as propias producións. • Emprego de distintos medios (dicionarios e Internet) para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Utilización das TIC como medio para contrastar a información sobre un tema dado. • Gusto por revisar as producións elaboradas nun procesador de textos. • Ampliación do vocabulario e uso adecuado do léxico propio do campo semántico tratado (o instituto). • Identificación dos antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade. • Diferenciación de frases simples e compostas e recoñecemento dos distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo. • Recoñecemento dos diferentes tipos de oracións compostas por subordinación. • Diferenciación entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e recoñecemento dos distintos tipos existentes. • Valoración do galego como lingua propia de Galicia. • Comprensión das circunstancias que condicionan o uso social do galego. • Emprego con corrección dos grupos consonánticos <i>bl / br</i> e distinción das condicións de uso de <i>b</i> e <i>v</i>. • Recoñecemento e utilización dos conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

7. C) CONTIDOS	7. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Normas de edición co procesador de textos. • Campo semántico: o instituto. • Os antónimos. Os prefixos <i>i-</i>, <i>im-</i>, <i>des-</i>, <i>anti-</i>. • A oración simple e a oración composta. Tipos de oracións compostas: substantivas, adxectivas e adverbiais. • As oracións compostas bipolares. Tipos de oracións bipolares: condicionais, causais, consecutivas e concesivas. • Oracións compostas por coordinación. Tipos de oracións compostas por coordinación: copulativas, disxuntivas, distributivas e adversativas. • A situación sociolingüística de Galicia. As actitudes lingüísticas. • Os grupos consonánticos <i>bl / br</i>. • O uso de <i>b</i> e <i>v</i>. • Os conectores opositivos, causais e organizadores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Redacta e estrutura axeitadamente os materiais antes de producir textos literarios e expresa neles as súas ideas de xeito lóxico, coherente e ordenado. • Emprega distintos medios (dicionarios e Internet) para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Coida a presentación dos seus textos aplicando as normas de corrección recomendadas para os procesadores de texto. • Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico propio do campo semántico tratado (o instituto). • Identifica os antónimos que corresponden ás palabras tratadas na unidade. • Distingue entre frases simples e compostas e reconece os distintos tipos de frases segundo a función do seu núcleo. • Reconece os diferentes tipos de oracións compostas por subordinación. • Distingue entre oracións compostas, bipolares e por coordinación, e reconece os distintos tipos de cada unha. • Valora o galego como lingua propia de Galicia. • Comprende as circunstancias que condicionan o uso social do galego. • Emprega con corrección os grupos consonánticos <i>bl / br</i> e distingue as condicións de uso de <i>b</i> e <i>v</i>. • Reconece e utiliza con corrección os conectores textuais como mecanismo de cohesión textual.

Unidade 8

8. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	8. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Ler de forma comprensiva textos de ficción. • Recoñecer as diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios. • Manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo con dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Aprender a dar informacións de maneira razoada a través de textos argumentativos. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping). • Traballar a formación de substantivos e adxectivos engadindo os sufixos <i>-ismo</i>, <i>-ista</i>. • Recoñecer o suxeito dunha oración e identificar as unidades que poden desempeñar a función de suxeito. • Identificar correctamente os predicados pronominais e recíprocos, así como os distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado. • Reflexionar sobre o emprego do galego nos medios de comunicación. • Concienciar da necesidade de medios de comunicación en lingua galega e valorar o papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual. • Consultar e analizar páxinas en Internet para informarse e ver contidos multimedia en galego. • Empregar con corrección e precisión ortográfica os grupos consonánticos <i>pl / pr</i> e <i>-pc-</i>, <i>-pt-</i>. • Empregar con corrección a técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva de textos de ficción. • Recoñecemento das diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios. • Elaboración de textos argumentativos razoados. • Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping). • Formación de substantivos e adxectivos engadindo os sufixos <i>-ismo</i>, <i>-ista</i>. • Recoñecemento do suxeito dunha oración e identificación das unidades que poden desempeñar esa función. • Identificación correcta dos predicados pronominais e recíprocos, así como dos distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado. • Reflexión sobre o emprego do galego nos medios de comunicación. • Concienciación da necesidade da existencia de medios de comunicación en lingua galega e valoración do papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual. • Consulta e análise de páxinas en Internet como medio para se informaren e como soporte para a visualización de contidos multimedia en galego. • Corrección e precisión ortográfica no uso dos grupos consonánticos <i>pl / pr</i> e <i>-pc-</i>, <i>-pt-</i>. • Aplicación da técnica do resumo como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

8. C) CONTIDOS	8. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • A ficción literaria. • Os textos argumentativos. • Campo semántico: o cámping. • Os sufixos <i>-ismo</i>, <i>-ista</i>. • O suxeito e o predicado. • O galego nos medios de comunicación. • Os grupos consonánticos <i>pl / pr</i> e <i>-pc-</i> / <i>-pt-</i>. • O resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le comprensivamente textos de ficción. • Recoñece as diferenzas entre a narración de feitos reais e a narración de feitos ficticios. • Elabora textos argumentativos razoados. • Conta cunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (o cámping). • Utiliza os sufixos <i>-ismo</i>, <i>-ista</i> para a creación de substantivos e adxectivos. • Recoñece o suxeito dunha oración e identifica as unidades que poden desempeñar esta función. • Identifica correctamente os predicados pronominais e recíprocos, así como os distintos tipos de oracións en relación co tipo de predicado. • Reflexiona sobre o emprego do galego nos medios de comunicación. • Comprende a necesidade da existencia de medios de comunicación en lingua galega e valora o papel normalizador dos medios que empregan o galego como lingua habitual. • Consulta e analiza páxinas en Internet como medio para se informaren e como soporte para a visualización de contidos multimedia en galego. • Usa de xeito preciso os grupos consonánticos <i>pl / pr</i> e <i>-pc-</i>, <i>-pt-</i> nos textos que produce. • Elabora resumos como forma de desenvolver as capacidades de síntese, organización de ideas e de expresión escrita.

Unidade 9

9. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	9. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Traballar a comprensión e a análise textual. • Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Identificar os diferentes tipos de xéneros xornalísticos de opinión (o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc.). • Participar de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os medios de comunicación). • Empregar con corrección e precisión ortográfica os prefixos <i>in-</i>, <i>im-</i> e <i>i-</i>. • Identificar o complemento directo nunha oración e as distintas unidades que poden funcionar como tal. • Coñecer e respectar a existencia do portugués como lingua irmá do galego. • Usar de xeito preciso os grupos consonánticos <i>fl / fr</i> e empregar con corrección o <i>h</i>. • Empregar con corrección a técnica do esquema como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto xornalístico de opinión. • Manexo do dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Valoración crítica das opinións reflectidas nos textos xornalísticos de opinión, tales como o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc. • Identificación das principais características que diferencian os distintos tipos de textos de opinión. • Participación de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas. • Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (os medios de comunicación). • Utilización axeitada e precisa dos prefixos <i>in-</i>, <i>im-</i> e <i>i-</i>. • Identificación do complemento directo nunha oración e das distintas unidades que poden funcionar como tal. • Respecto pola existencia do portugués e valoración desta como lingua irmá do galego. • Uso axeitado dos grupos consonánticos <i>fl / fr</i> e emprego correcto do <i>h</i>. • Elaboración de esquemas como forma de organizar de xeito visual as ideas principais e secundarias dun texto.

9. C) CONTIDOS	9. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Tipoloxías textuais: a reportaxe. • Os textos xornalísticos de opinión. • As cartas á dirección. • Campo semántico: os medios de comunicación. • Os prefixos: <i>a-</i>, <i>des-</i>, <i>te-</i>, <i>tele-</i>, <i>con-</i>, <i>super-</i>, <i>sobre-</i>, <i>i-</i>, <i>im-</i>, <i>in-</i>. • O complemento directo e as unidades que poden funcionar como tal: frase nominal, frase substantiva, frase preposicional, oración e pronome persoal átono. • A lingua portuguesa. • Os grupos consonánticos <i>fl / fr</i> e o uso do <i>h</i>. • O esquema. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le con corrección e interpreta os textos de opinión dende unha perspectiva crítica. • Manexa o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Identifica os diferentes tipos de xéneros xornalísticos de opinión (o artigo, o editorial, as cartas á dirección, etc.). • Participa de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas. • Amplía o léxico relativo aos medios de comunicación. • Emprega con corrección e precisión ortográfica os prefixos <i>in-</i>, <i>im-</i> e <i>i-</i>. • Identifica o complemento directo nunha oración e as distintas unidades que poden funcionar como tal. • Coñece e respecta a existencia do portugués como lingua irmá do galego. • Usa de xeito preciso os grupos consonánticos <i>fl / fr</i> e emprega con corrección o <i>h</i>. • Organiza os materiais de estudo e de traballo a través de esquemas como forma de organizar de xeito visual a información principal e secundaria.

Unidade 10

10. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	10. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Ler textos teatrais de forma comprensiva. • Identificar os trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprender os distintos recursos empregados na súa representación escrita. • Manexar o dicionario para buscar o significado de determinadas palabras dun texto. • Coñecer e utilizar as normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos. • Organizar as ideas e realizar guións que permitan a elaboración de producións escritas coherentes. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico que se trata (as compras). • Identificar o complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Empregar correctamente o dativo de solidariedade e comprender a súa función lingüística. • Coñecer a evolución da música galega e a súa situación actual. • Usa de xeito preciso os grupos consonánticos <i>cl / cr</i> e <i>cc / ct</i>. • Presentar correctamente textos escritos, tendo en conta aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e comprensión de textos teatrais. • Identificación dos trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprensión dos distintos recursos empregados na súa representación escrita. • Reflexión grupal sobre os temas de actualidade tratados na unidade e exposición coherente e organizada dos propios argumentos. • Escenificación de pequenos textos teatrais, co fin de fomentar a expresión das facetas oral, corporal e anímica, e a creatividade. • Utilización das normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos. • Organización das ideas e realización de guións que permitan a elaboración de producións escritas coherentes. • Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico que se trata (as compras). • Identificación do complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Utilización correcta do dativo de solidariedade tanto la lingua oral como na escrita. • Observación e recoñecemento da música galega producida ao longo da historia. • Utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación para acceder a mostras musicais tanto de fragmentos antigos como de pezas vangardistas. • Utilización axeitada dos grupos consonánticos <i>cl / cr</i> e <i>cc / ct</i>. • Preocupación pola presentación de textos escritos, coidando aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto.

10. c) CONTIDOS	10. d) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • O texto teatral. • O folleto expositivo. • Campo semántico: as compras. • Os campos semánticos. • O complemento indirecto. Tipos de unidades que poden desempeñar a función de complemento indirecto: frase preposicional con <i>a</i> e pronomes. • O dativo de solidariedade. • Evolución da música galega: das cantigas de amigo ao rock bravú. • Os grupos consonánticos <i>cl / cr</i> e <i>cc / ct</i>. • Criterios para a presentación de textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Le e comprende textos teatrais. • Identifica os trazos xenéricos que caracterizan un texto teatral e comprende os distintos recursos empregados na súa representación escrita. • Reflexiona de forma crítica sobre os temas que tratan os textos de lectura. • Exprésase corporal e animicamente cando pon en escena fragmentos de pezas teatrais. • Segue as normas e pasos básicos necesarios para a construción de folletos expositivos. • Organiza as ideas e realiza guións antes de elaborar as súas producións. • Emprega con corrección o vocabulario relacionado coas compras. • Identifica o complemento indirecto nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Utiliza correctamente o dativo de solidariedade tanto na lingua oral como na escrita. • Escoita e reconece distintas pezas emblemáticas da historia musical galega. • Válese das tecnoloxías da información e a comunicación para acceder a mostras musicais tanto de fragmentos antigos como de pezas musicais vangardistas. • Utiliza axeitadamente os grupos consonánticos <i>cl / cr</i> e <i>cc / ct</i>. • Preocúpase pola presentación de textos escritos, coidando aspectos tales como a grafía, a limpeza ou a disposición do texto.

Unidade 11

11. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	11. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Analizar textos poéticos e comprender a función que desempeñan os diferentes recursos formais. • Comprender o sentido global dun texto poético, identificando os grandes temas presentes nel. • Identificar os significados denotativos e connotativos en distintos contextos. • Utilizar con propiedade os recursos formais propios da poesía, tanto na análise de creacións alleas como propias. • Valorar a poesía como unha canle máis para a expresión artística e para a transmisión de sentimentos. • Adquirir unha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a perrucaría e a imaxe). • Identificar o complemento circunstancial nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función. • Analizar o fenómeno da globalización dende diversas perspectivas. • Reflexionar, adoptando unha postura crítica, sobre as vantaxes e os inconvenientes da globalización. • Localizar a través da rede iniciativas encamiñadas a canalizar a solidariedade colectiva e individual. • Utilizar axeitadamente <i>trans-</i> e <i>tras-</i>, así como <i>bs</i> seguido de consoante. • Elaborar oracións seguindo unha orde lóxica e coherente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión do sentido global dun texto poético, coa identificación dos grandes temas presentes nel. • Lectura expresiva (entoación, pausas, énfase, etc.) de textos poéticos. • Recoñecemento dos procesos retóricos máis usuais: imaxes, comparacións, personificacións, escolla léxica, etc. • Identificación dos significados denotativos e connotativos en distintos contextos. • Creación de sinxelos textos poéticos respectando as súas pautas formais. • Valoración da poesía como unha canle máis para a expresión artística e sentimental. • Adquisición dunha maior amplitude de léxico propio do campo semántico tratado (a perrucaría e a imaxe). • Localización do complemento circunstancial nunha oración e identificación dos distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función. • Análise crítica do fenómeno da globalización dende diversas perspectivas. • Utilización axeitada de <i>trans-</i> e <i>tras-</i>, así como de <i>bs</i> seguido de consoante. • Elaboración de oracións seguindo unha orde lóxica e coherente.

11. c) CONTIDOS	11. d) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • A apóstrofe, a anáfora e a enumeración. • A voz lírica ou o eu poético. • Recursos literarios: a denotación e a connotación. • Os textos poéticos: o ritmo e a rima. • Recursos formais dos textos poéticos: o paralelismo, a aliteración, a antítese e a anáfora. • Campo semántico: a perrucaría e a imaxe. • O complemento circunstancial. Tipos de unidades que poden desempeñar a función de complemento circunstancial: frases preposicionais, adverbios ou locucións adverbiais, frases nominais e oracións. • A globalización. • Grupos consonánticos: <i>bs</i> + consoante. • O uso de <i>trans-</i> / <i>tras-</i>. • As propiedades do texto: as oracións e a súa orde lóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza textos poéticos e comprende a función que desempeñan os diferentes recursos formais. • Comprende o sentido global dun texto poético, identificando os grandes temas presentes nel. • Identifica os significados denotativos e connotativos en distintos contextos. • Utiliza con propiedade os recursos formais propios da poesía, tanto na análise de creacións alleas como propias. • Valora a poesía como unha canle máis para a expresión artística e para a transmisión de sentimentos. • Usa con propiedade o léxico relacionado coa perrucaría e a imaxe. • Identifica o complemento circunstancial nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden desempeñar esta función. • Reflexiona adoptando unha postura crítica sobre o fenómeno da globalización dende diversas perspectivas. • Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación para localizar iniciativas encamiñadas a canalizar a solidariedade colectiva e individual. • Utiliza axeitadamente <i>trans-</i> e <i>tras-</i>, así como <i>bs</i> seguido de consoante. • Estrutura oracións seguindo unha orde lóxica e coherente.

Unidade 12

12. A) OBTXECTIVOS DIDÁCTICOS	12. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e analizar un cómic como produción literaria dende o punto de vista textual. • Recoñecer e analizar as características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada. • Identificar e coñecer os elementos que forman un cómic e elaborar o cómic a partir dunhas pautas establecidas. • Crear unha comicteca no centro. • Consultar os medios de publicación electrónica para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos. • Normalizar o uso de determinada terminoloxía referida á paisaxe urbana. • Formar substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais. • Identificar o suplemento nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Distinguir os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións. • Reflexionar sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el desvelando os prexuízos subxacentes ao uso do galego en determinados contextos. • Valorar a importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión e análise dun cómic como produción literaria dende o punto de vista textual. • Recoñecemento e análise das características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada. • Identificación e coñecemento dos elementos que forman un cómic e elaboración de bandas deseñadas de produción propia a partir dunhas pautas establecidas. • Creación dunha comicteca no centro. • Utilización dos recursos dispoñibles na rede para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos. • Normalización do uso de determinada terminoloxía referida á paisaxe urbana. • Formación de substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais. • Identificación do suplemento nunha oración e dos distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Localizar os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións. • Reflexión sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el, desvelando os prexuízos subxacentes ao seu uso en determinados contextos. • Valoración da importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.

12. C) CONTIDOS	12. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • A linguaxe verboicónica. Os cómics. • Os tipos de plano. • Principais elementos que constitúen a linguaxe do cómic: as imaxes en movemento e as metáforas visuais. • Campo semántico: a paisaxe urbana. • A derivación verbal: o sufixo <i>-mento</i>. • O suplemento e a frase preposicional. • O atributo e complemento predicativo. Unidades que desempeñan esa función. • A normalización lingüística e o uso social do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende e analiza cómics como producións literarias dende o punto de vista textual. • Recoñece e analiza as características propias das linguaxes verboicónicas empregadas pola banda deseñada. • Identifica e coñece os elementos que forman un cómic e elabora bandas deseñadas de produción propia seguindo unhas pautas establecidas. • Contribúe á creación dunha comicteca no centro. • Utiliza os recursos dispoñibles na rede para achegarse ás derradeiras producións en banda deseñada realizadas por autores galegos. • Usa de xeito normalizado a terminoloxía referida á paisaxe urbana. • Forma substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais. • Identifica o suplemento nunha oración e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Localiza os atributos e os complementos predicativos nunha oración e aquelas unidades que poidan desempeñar estas funcións. • Reflexiona sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el, desvelando os prexuízos subxacentes ao seu uso en determinados contextos. • Valora a importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.